

# NOVAS CTNL

Boletín da Coordinadora de Traballadores de Normalización Lingüística Lingüística

Número 3

Santiago de Compostela, abril, 1997

*Edición: CTNL*

*Redacción: CTNL*

*Coordinación: CTNL*

## Sumario

[Curso sobre planificación](#)

[Adhesión á DUDL](#)

[I Simposio Internacional sobre bilingüismo](#)

[Voc. de Urbanismo](#)

[Formularios Admón local](#)

[Curso de dinamización](#)

[Dir XXII da UE](#)

[Cadernos da lingua](#)

[Non te durmas ¡Colabora!](#)

[Boletín de inscrición](#)

## Curso sobre planificación lingüística

Con este título a CTNL ofrece o próximo mes de xuño en Santiago de Compostela o segundo curso de formación previsto para este ano. Durante dous días, o profesor e investigador Xabier Falcón atenderá como obxectivos principais o achegamento ás principais fonte teóricas sobre a planificación lingüística, a súa definición e radicación, así como a análise da rendibilidade desta disciplina no traballo concreto dos servicios lingüísticos.

Este é o programa provisorio:

1. Delimitación da planificación lingüística dentro das diversas áreas fronteirizas.
2. Historia da planificación lingüística.
3. Planificación do corpus fronte a planificación do estatus.
4. Teoría(s) da planificación lingüística.
5. Modelos de planificación lingüística.
  - 5.1. Modelos para países subdesenvolvidos ou en desenvolvemento. O caso da India.
  - 5.2. Modelos para países parcial ou totalmente desenvolvidos. Quebec, Catalunya, Israel...
  - 5.3. Modelos para países industrializados ocn linguas minorizadas con pouca vialidade.
  - 5.4. O “modelo” galego.
6. Estratexias de planificación lingüística.
7. Avaliación da planificación lingüística.

Xabier Falcón doutorouse na universidade de Barcelona coa tese Teoría de la Planificació Lingüística. Traballou como investigador no Departamento de Inglés na Universidade de Barcelona, no Departamento de Lingüística na Universidade do Estado de Nova York en Búfalo e na boise State University de Estados Unidos. Na actualidade é profesor na Universidade de Deusto, onde imparte materias de lingüística xenerativa, sociolingüística, semiótica e comunicación. É autor de varios libros e numeroso artigos relacionados con estas mesmas disciplinas.

Outras informacións:

Datas: 6 e 7 de xuño

Lugar: Salón de Graos de Filoloxía.

Duración: 15 horas

Cotas

socios 7 000 pts.

Parados e estudantes 5 000 pts.

Non socios 10 000 pts.

Número de prazas: 45

Prazo de inscrición: 1-15 de maio

O curso conta co apoio académico do Departamento de Galego da Universidade de Santiago de Compostela, o que quedará reflectido nos correspondentes diplomas que se expedirán ó final do curso.

As prazas reservaranse por rigorosa orde de chegada dos boletíns de inscrición, tendo en conta sempre a seguinte prelación:

- 1 Socios da CTNL
- 2 Outros traballadores de SS.LL.
- 3 Outras persoas interesadas

As persoas admitidas no curso serán informadas telefonicamente deste feito, así como da maneira de faceren efectivo o pagamento da cota correspondente. ↵

## [A CTNL adherida á Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos](#)

Se queres enviar a túa adhesión (individual ou colectiva) á Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, ponte en contacto co Comité de Seguimento da DUDL no seguinte enderezo:

Comité de Seguimento da DUDL

Rocafort 242, bis

08029 – Barcelona

- E-mail: [ciemen@troc.es](mailto:ciemen@troc.es)
- Internet: <http://www.troc.es/ciemen/mercator>

[Tamén nos podes enviar a nós a túa adhesión (incluíndo o teu nome e enderezo) ou ós locais da Mesa pola Normalización Lingüística] [↩](#)

## **I Simposio internacional sobre o bilingüismo**

Entre os días 21 e 25 de outubro, organizado pola facultade de filoloxía da Universidade de Vigo, vai ter lugar en Vigo o I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo: Comunidades e Individuos Bilingües.

Para o comité organizador (composto polos profesores Carmen Cabeza-Pereiro e Xoán Paulo Rodríguez-Yáñez, da área de lingüística xeral, e por Anxo M. Lourenzo-Suárez, da área de filoloxía galega) os principais obxectivos do dito simposio son promover o intercambio de coñecementos en cinco áreas de investigación sobre as comunidades e os individuos bilingües, e incitar ó debate e á reflexión entre os conferenciantes invitados e os investigadores asistentes.

O simposio organizado en cinco sesións temáticas: Planificación lingüística e desenvolvemento; A construción da identidade nas comunidades bilingües; Análise e conversa bilingüe; Adquisición bilingüe e linguaxe infantil; e Linguas en contacto.

Está anunciada a participación de investigadores como: Louis-Jean Calvet, Robert Chaudenson, Joan A. Argente, Peter H. Nelde, Peter Auer, Alessandro Duranti; Christine Deprez, Danielle Bouvet, Charlotte Hoffmann, Sarah G. Thomason, Ceil Lucas ou Jordi Colomina; e dos galegos: Henrique Monteagudo, Mauro A. Fernández e Celso Álvarez-Cáccamo.

O prazo para a presentación de propostas de comunicación remata o día 30 de xuño (estudantes: 8.000; resto de participantes: 15.000) e o segundo (coa matrícula máis cara: estudantes: 10.000 pesetas; resto de participantes: 18.000) comeza o día 1 de xullo.

Máis información en:

Dra. Carmen Cabeza

I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo

Universidade de Vigo, Facultade de Humanidades

Campus Vigo.

Apartado 874

36200 Vigo

(986) 812359

E-mail: [cabeza@uvigo.es](mailto:cabeza@uvigo.es) ↵

## **Vocabulario de Urbanismo**

Os servicios de normalización dos concellos de Vigo, Moaña e Santiago están elaborando un vocabulario de urbanismo, arquitectura e construción. Este proxecto, no que colaboran tamén os colexios de arquitectos, aparelladores e delineantes da provincia de Pontevedra, ten como obxectivo fornecer ós profesionais do sector e ás unidades de urbanismo dos respectivos concellos de ferramentas útiles para o seu traballo.

O vocabulario está aberto aínda á colaboración de cantas persoas desexen contribuír, desde os servicios lingüísticos ou desde o ámbito profesional da construción e o urbanismo. Para obter calquera información, as persoas interesadas poden poñerse en contacto co Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Vigo no teléfono 986 81 01 00. ↵

## **Formularios para a administración local.**

MONTEAGUDO ROMERO, Xaquín-Enrique: *Formularios de organización e funcionamento das entidades locais*, Xunta de Galicia, Escola Galega de Administración Pública, Colección Manuais, Santiago, 1996.

Xa está nas librerías este novo traballo que continúa o empeño da EGAP en fixar unha linguaxe administrativa moderna, sinxela e eficaz, O autor, presidente da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística e coñecedor en profundidade da administración local pola súa experiencia como secretario en varios concellos, achéganos, na primeira parte do libro, a lexislación básica sobre a organización e o funcionamento das entidades locais e, na segunda, varios modelos de documentos de uso común nos concellos.

A claridade con que se resumen os textos legais e unha ordenación eficaz da información converten a obra nun manual básico para calquera que desexe coñecer o funcionamento dos concellos ou atopar rapidamente información, e pode ser especialmente útil par os servicios lingüísticos de entidades locais.

A segunda parte do libro percorre distintos tipos de documentos – comunicacións, certificacións e informes- definíndoos, delimitando o seu contido e indicando a lexislación que lles afecta. Completa o traballo un anexo no que se inclúen exemplos concretos de textos tratados, redactados todos eles seguindo as normas da linguaxe administrativa que veñen implantándose.

O conxunto da obra é de moito interese para a formación de persoal das administracións e, segundo promete o autor na introducción, terá continuidade noutros manuais sobre distintos aspectos da actividade das corporacións locais. ↵

Os asistentes valorárono cun 7,5 de nota global

### **Rematou con éxito o curso de dinamización**

O pasado 12 de abril rematou o curso sobre Dinamización Lingüística que organizou a CTNL co apoio do Departamento de Filoloxía Galega da USC. O curso foi o primeiro dos que organizará a CTNL dentro do programa de formación dos técnicos e técnicas dos SNL e SL. Cómpre destacar o interese que espertou este curso, así como o alto número de matrículas.

Abriu o curso Agustín Fernández Pa, quen se referiu á dinamización no ensino, e en concreto ó labor dos equipos de normalización lingüística. O ENL atribúen as dificultades para planificar o uso e levar adiante os programas de actuación, máis ós propios ENL e ós centros que á Administración educativa e ó contexto social, e son estas dificultades as que acaban orientando o traballo da ENL cara a actuacións máis culturais e etnográficas que propiamente normalizadoras. Puxo especial énfase na importancia dos prexuízos negativos que perviven no profesorado e no conxunto da comunidade educativa, e, xa que logo, en que as actuacións dinamizadoras deberían dirixirse á súa erradicación.

Daniel Romero, de item:)aga, marcou como obxectivo prioritario da dinamización no ámbito empresarial, conseguir ámbitos favorables de uso que actúen como exemplo ou revulsivo para outras empresas, e para acadalo propuxo dúas medidas. A primeira, vincular a modernización empresarial e o galego, de tal xeito que o uso do idioma se converta nunha valor engadido dos produtos. A segunda é ofrecerlles incentivos ás empresas (soportes que faciliten o uso do galego, mediadas económicas que vaian alén da pura subvención, estudos sectoriais para contrarrestar prexuízos e servicios de asesoramento lingüístico especializados e gratuítos para a pequena empresa e comercio). Finalmente, referiuse ás campañas publicitarias como ferramenta de dinamización.

Manuel C. Núñez Singala, do SNL da USC, definiu a dinamización como o conxunto de estratexias concretas que serven para optimizar unha planificación lingüística. Así clarifícanse unha serie de conceptos:

Normalización lingüística= obxectivo da sociedade.

Política lingüística=medio de chegar á normalización lingüística por parte do poder.

Planificación lingüística= medios técnicos que establecen directivos para leva a cabo unha política lingüística.

Dinamización lingüística= estratexias concretas que utilizan os técnicos.

Así falou da dinamización do asesoramento, da dinamización, da formación e da dinamización da dinamización, como dun conxunto de estratexias concretas para rendibilizar ó máximo cada un dos labores dun SNL. Finalmente, referiuse ó perfil do dinamizador.

Xosé Manuel Sarille, da Mesa, resaltou as diferencias da dinamización feita dende unha asociación cidadá en realación á realizada dende unha institución, pois, aínda que se poida traballar cunha certa planificación, a dinamización faise sobre todo a partir do imprevisto. Sarille xulgou que precisamente os maiores éxitos da Mesa son as resposta a agresións non esperadas, para as que cómpre axilidade e rapidez, máis que planificación.

Toni Mataix e Assumpta Escolà, técnicos do Consorci per a la Normalització Lgca., logo de situaren a dinamización lingüística dentro do marco da planificación lingüística, e de diferenciar entre dinamización cultural e lingüística, centráronse na materialización práctica da dinamización lingüística

no ámbito catalán, e máis concretamente, no Consorci (entidade que une os esforzos normalizadores da Generalitat, e dos concellos e comarcas cataláns en tódolos sectores). Destacaron a necesidade de que os dinamizadores lingüísticos contén cunha metodoloxía de traballo que permita recoñecer o seu labor, e neste senso, subliñaron a importancia da análise previa da organización e da avaliación do programa lingüístico no seu conxunto, para o que presentaron dúas ferramentas informáticas, o Gesplá e o Indexplá, gracias ós cales se pode recoñecer con claridade, mesmo numericamente, a progresión na normalización lingüística dun organismo tras un traballo de dinamización.

Ó remate do curso, ademais da entrega de diplomas, procedeuse a unha avaliación do seu desenvolvemento e organización, que resultou moi positiva, á vista da puntuación global (un 7,5) que obtivo. Os asistentes destacaron como aspectos positivos, ademais da propia organización do curso, a posibilidade de intercambiar experiencias e manter contactos. ↵

## **A Dirección XXII da Unión Europea**

A Dirección Xeral XXII da Comunidade Europea é a responsable das actuacións en favor das linguas rexionais ou minoritarias. Dentro do ámbito que nos interesa, márcanse como obxectivos atender as iniciativas dentro da educación, a información e a cultura que contribúan á preservación e difusión de tales linguas, e aquelas destinadas a estimular a cooperación e mellorar o intercambio de informaición entre as diversas comunidades lingüísticas.

Este organismo ofrece colaboración económica para as actividades relacionadas coas seguintes liñas prioritarias:

- Proxectos pedagóxicos.
- Actividades de formación lingüística.
- Producción de materiais didácticos.
- Conferencias, coloquios, encontros entre falantes da mesma lingua de diversos puntos xeográficos de Europa.
- Proxectos de lexicografía, terminoloxía e normalización lingüística.



-Actividades que conduzan ó uso da lingua nos medios de comunicación.

Por outra parte. A Comisión Europea coordina o traballo do programa Mercator, o cal reparte a súa actividade por tres centros diferentes a P??? Akademy en Frise (Holanda) que se responsabiliza da educación; o CIEMEN en Cataluña, encargado da lexislación e o Prifysgal Cymru en Gales, responsable dos medios de comunicación. Todos eles están ó voso servizo para procurar información sobre as súas áreas de actuación ou calquera outro tema relacionado coas linguas minorizadas: institucións e organizacións relevantes, a axenda de actividades científicas ou divulgativas previstas, bibliografía de interese, etc. [↵](#)

## [Os servizos de normalización en Cadernos da Lingua](#)

GARCÍA CONDE, S.; VAQUERO QUINTELA, I. “Servizos de normalización lingüística: propostas básicas de funcionamento”, Cadernos de lingua, nº 14, 1996.

O artigo responde ó obxectivo de dar unha información básica acerca do que é un servizo de normalización lingüística, e do que é un programa de normalización lingüística.

Iníciase coa referencia á natureza, funcións e tarefas dun SNL, así como á súa responsabilidade dentro do proceso de normalización e dentro do organismo en que se insire. Destácase que non abonda soamente con actuar, con facer cousas, senón que esas actuacións deben responder a unha planificación, a uns obxectivos. Prosegue coa definición do programa de normalización lingüística, e atende polo miúdo as súas diferentes fases: coñecemento da organización, análise da realidade sociolingüística, fixación de obxectivos, actuacións, recursos, e periodización, seguimento e avaliación.

Por último, as autoras subliñan a importancia da coordinación, tanto do SNL con outras unidades do organismo para o que traballa, como con outros SNL [↵](#)

## Non te durmas ¡Colabora!

Se queres botar unha man, a revista está aberta ás túas colaboracións: comentarios, artigos, suxestións, cartas, experiencias... Seguro que tes algo que contar e aquí te-lo lugar onde facelo. Envíano-lo teu texto, senón despois non te queixes que a revista non che gusta ou de que sempre fala do mesmo. Veña, pon as pilas e a parir. ↵

✂-----

<b>Folla de inscrición</b>	<b>Curso de Planificación Lingüística</b>	
	Apelidos: <input type="text"/>	Nome: <input type="text"/>
	DNI: <input type="text"/>	Teléfono de contacto: <input type="text"/>
	Empresa ou institución: <input type="text"/>	
	Modalidade de matrícula: <input type="checkbox"/> Socios (7.000 pts.)	
	<input type="checkbox"/> Estudiante ou parado (5.000 pts.)	
<input type="checkbox"/> Non socio (10.000 pts.)		
_____, _____ de febreiro de 1997		
(sinatura)		
Enviar a: CTNL. Rúa da Ponte Pequena, 1,3º, Santiago de Compostela		